



Na escola dos pobres

Xosé A. Miguélez Díaz



Saliento neste aporte a miña experiencia de acompañamento mutuo con persoas que baixo moitos parámetros foron pobres económica e socialmente, pero que me aportaron importantes agasallos vitais, quizais porque fun tamén eu un cura pobre e un pobre cura en moitos aspectos. Lembro a expresión do Papa Francisco, de que só a través dos pobres podemos recibir certa sabedoría que Deus nos quere dar (Cf Evangelii Gaudium 198) e ofrezco con agradecemento estes tres testemuños, que poderían ser bastantes máis, dos agasallos que a vida me foi traendo no trato cos pobres. Non recibín con eles sabedorías adquiridas como leccións teóricas nin como unha posesión ou trofeo, senón como camiños e gustos fondos que me enraizaron máis na luz.

1.- Antoni.- Trateino intensamente na miña etapa de seminarista barcelonés entre 1967 e 1973, e despois outros tres anos máis de preto: un no curso 1985-1986, e dous máis nos anos 1995 e 1996, morrendo el nesta data. E nos interregnos tivemos un trato presencial intermitente e escaso, pero cun contacto epistolar significativo. Era el trinteno novo, e eu comezaba a vintena cando tropecei con el, bébedo, un día pola mañá nunha rúa da Barcelona antiga. Ao pouco de tratalo descubrín que era alcohólico, e algo despois, pero case decontado, que tiña feridas psíquicas, que recibira un trato sobreprotector que o infantilizara, que tivera unha educación burguesa clasista que o illara tras moitas barreiras, que padecera unha indotrinación católica enfermiza que o culpabilizara tanto que tivera que facerse ateo como saída de emerxencia e de liberación.